

## NOTA URXENTE SOBRE A SUSPENSIÓN DE ACTIVIDADES ESCOLARES E EXTRAESCOLARES NOS CENTROS DOCENTES.

Benqueridas familias,

Todos somos coñecedores da situación que está creando a propagación do coronavirus (Covid-19) no noso país. Seguindo as medidas oficiais comunicadas polo presidente da Xunta de Galicia, **suspéndese a actividade lectiva no centro dende o luns, día 16 de marzo**. Non obstante, recoméndase que xa mañá, venres, non se leven aos alumnos e alumnas aos colexios, que permanecerán abertos. A suspensión inicial prevese de **14 días lectivos**.


O noso interese, en todo momento, é garantir o benestar do noso alumnado e dos traballadores e traballadoras do Centro, así como de manter informada a toda a Comunidade Educativa para actuar todos seguindo as recomendacións dos profesionais. Nese sentido, facemos un chamamento a todos para actuar con responsabilidade e con calma ante esta situación.

Para favorecer que o **proceso de ensino-aprendizaxe** continúe, o Centro implementou as súas ferramentas educativas coa activación de **Google Classroom**. Con esta ferramenta, o alumnado e o profesorado manterán a actividade lectiva, con tarefas, explicacións e correccións das mesmas durante o período que dure a medida proposta pola Xunta de Galicia. Para utilizar Google Classroom o alumnado dispón da conta de correo co dominio **@salesianoscambados.es**

Finalmente, seguindo as indicacións do Goberno de España de non facer viaxes, suspendemos ou adiamos, se é posible realizalas noutras datas, as saídas culturais previstas para antes de Semana Santa.

Aconsellamos manter a calma e seguir as indicacións oficiais sobre este tema. Manterémolos informados a través da Plataforma Educamos e da páxina web do Centro.

Reciban un agarimoso saúdo,



M<sup>a</sup> Asunción Rodríguez Tesouro  
Directora do CPR Salesianos A Mercé